

## XEOGRAFÍA. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

### ACTIVIDADE 2. Mortalidade

#### Obxectivos:

- ◆ Estudar a evolución do número de defuncións en Galicia.
- ◆ Facer un análise xeográfica deste fenómeno demográfico.
- ◆ Definir a esperanza de vida ao nacer.
- ◆ Coñecer as principais causas de morte entre os homes e as mulleres galegas.

#### Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar mapas.

#### Cuestiós a resolver:

Coa información que se facilitan nos enlaces e seguindo a actividade deberás poder responder as seguintes preguntas:

- 1) Describe a evolución xeral das defuncións en Galicia

.....  
.....  
.....

- 2) ¿Que concello da túa provincia ten a maior taxa bruta de mortalidade na actualidade?.

Deduce a poboación deste concello tendo en conta as defuncións que se produciron nel e a taxa bruta de mortalidade dese concello (recorda que Taxa bruta de mortalidade= Falecidos nun ano / poboación x 1.000).

.....  
.....  
.....

- 3) ¿Terá algo que ver a taxa bruta de mortalidade coa estrutura de idades da poboación?

Razoa a resposta.

.....  
.....  
.....

- 4) ¿Cal é a principal causa de morte entre as mulleres galegas? ¿e entre os homes?

Calcula as porcentaxes que representan respectivamente.

.....  
.....  
.....

- 5) ¿Actualmente as mulleres falecen a idades más tardías que os homes? Razóao tendo en conta a distribución das defuncións segundo sexo e idade.

.....  
.....  
.....

- 6) ¿Que ano foi o máis nefasto para Galicia en canto a crecemento vexetativo? ¿Cres que ultimamente se ven síntomas de melloría? ¿Como cres que inflúe a chegada de inmigrantes neste saldo vexetativo?.

.....  
.....  
.....

- 7) ¿Como é o saldo vexetativo do teu concello? ¿e dos concellos veciños?

.....  
.....  
.....